

Obxectivos:

A contratación pública desempeña un papel clave na estratexia Europa 2020, como un dos instrumentos baseados no mercado que deben utilizarse para conseguir un crecemento intelixente, sustentable e integrador, garantindo ao mesmo tempo un uso máis eficiente dos fondos públicos.

A investigación e a innovación, incluídas a innovación ecolóxica e a innovación social, atópanse entre os principais motores de crecemento futuro e ocupan un lugar central da estratexia Europa 2020. Os poderes públicos deben facer a mellor utilización estratéxica posible da contratación pública para fomentar a innovación.

Con este curso preténdese implementar un programa de formación teórico-práctico que permita ao persoal que participa activamente nos procesos de contratación pública obter o coñecemento e as ferramentas necesarias para levar á práctica con éxito os procesos de compra pública innovadora (CPI) nos seus respectivos departamentos. Ao mesmo tempo, preténdese sensibilizar ás persoas situadas nos ámbitos de decisión relacionados coa contratación pública das potencialidades que representa a compra pública innovadora como mecanismo de contratación eficiente e intelixente, así como promover o uso estratéxico da CPI como ferramenta que permita transformar os departamentos públicos en verdadeiras organizacións públicas innovadoras orientadas aos/ás usuarios/as e con capacidade de anticipación ao mercado.

Persoas destinatarias:

O curso diríxese ao persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma e das universidades do Sistema universitario de Galicia, con responsabilidades nos ámbitos da innovación e/ou da contratación pública (Asesoría Xurídica, Intervención Económica e persoal dos servizos públicos de contratación), que pertencen aos seguintes grupos:

- Persoal funcionario: subgrupos A1 e A2.
- Persoal laboral: grupos I e II.

Poderá inscribirse tamén o persoal directivo das administracións públicas de Galicia con responsabilidades nos ámbitos da contratación pública e/ou innovación.

Convocatoria:

DOG núm. 63, do 2 de abril de 2018

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239 // 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal Web: <http://egap.xunta.gal>

Lugar de desenvolvemento:

EGAP. Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela



EGAP

Escola Galega de Administración Pública

I CURSO SUPERIOR SOBRE CONTRATACIÓN PÚBLICA DE INNOVACIÓN

Santiago de Compostela, do 16 de abril ao 4 de xuño de 2018



XUNTA DE GALICIA

MARCO XERAL DA INNOVACIÓN E O SECTOR PÚBLICO

Luns, 16 de abril (11:00 a 14:00 h. / 16:00 a 19.00 h.)

1ª parte (teórica): *O fomento da innovación a través da contratación públicas*

Docente: *Katia Pérez* (IDOM Consulting)

DESEÑO DOS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN DE INNOVACIÓN

Luns, 23 de abril e luns, 7 de maio (11:00 a 14:00 h. / 16:00 a 19.00 h.)

1ª parte (teórica): 8 horas

- *A preparación do contrato*
- *A elaboración dos pregos*
- *A elección do procedemento*
- *A adxudicación do contrato*
- *A execución e seguimento dos contratos*

• 2ª parte (práctica): 4 horas

- *Xestionando un proxecto de CPI*

Docentes: *Txema Báez* (NOVADAYS), *José Ignacio Cases* (NOVADAYS)

MARCO FINANCEIRO DA CONTRATACIÓN PÚBLICA DE INNOVACIÓN

Luns, 30 de abril (11:00 a 14:00 h. / 16:00 a 19.00 h.)

- *O marco de financiamento da CPI no ámbito comunitario e estatal*
- *O marco de financiamento da CPI na Comunidade Autónoma Galega*

Docente: *Cruz Enjo* (Consellería de Facenda)

A XESTIÓN DOS DEREITOS DE PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELLECTUAL

Luns, 14 de maio (11:00 a 14:00 h. / 16:00 a 19.00 h.)

1ª parte (teórica): 3 horas

2ª parte (práctica): 3 horas

Docente: *Abelardo Nimo* (SEGAPI - GAIN)

MARCO XURÍDICO DA CONTRATACIÓN PÚBLICA DE INNOVACIÓN

Luns, 21 de maio (11:00 a 14:00 h. / 16:00 a 19.00 h.)

O marco legal da CPI

Docentes:

José Liñeira (Asesoría Xurídica da Consellería de Economía, Emprego e Industria)

Alfonso García (Asesoría Xurídica da Consellería de Política Social)

Patricia Iglesias e Isabel Torralba (Asesoría Xurídica Xeral)

CASOS DE ESTUDO

Luns, 28 de maio (11:00 a 14:00 h. / 16:00 a 19.00 h.)

1ª parte (teórica)

Luns, 4 de xuño (11:00 a 14:00 h.)

2ª parte (práctica)

Docente: IDOM Consulting



NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación.
As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola (<http://egap.xunta.gal>)